



BASES DO I CONCURSO 'CIBERESPECT' DE VÍDEOS DE CURTA DURACIÓN: 'Respecto en Rede'.

A ONG Ecos do Sur organiza a PRIMEIRA edición do concurso 'CibeRespect' de vídeos de curta duración contra o discurso de odio, o racismo e a xenofobia: 'Respecto en rede'.

PRIMEIRA. OBXECTO DAS BASES

A ONG Ecos do Sur organiza a PRIMEIRA edición do concurso de vídeos de curta duración CibeRespect, no que poderá participar calquera persoa ou grupo de persoas residentes en Galicia, con idade de 14 anos en diante. As presentes bases teñen como obxecto regular a participación, a convocatoria e a concesión de premios neste concurso.

SEGUNDA. OBXECTIVO E FORMA DO CONCURSO.

O obxectivo do concurso é a promoción da reflexión e a acción contra os discursos de odio, racistas e/ou xenófobos mediante a creación audiovisual, xerando elementos de comunicación que alimenten o diálogo intercultural, a convivencia na diversidade, a conciencia crítica e a superación de prexuízos.

Para isto, as persoas participantes deberán enviar un vídeo orixinal cuxo contido promova a acción -nas redes sociais e/ou nas rúas- contra o discurso de odio e a favor do respecto á diversidade cultural e étnica.

TERCEIRA. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

3.1- Pode participar calquera persoa residente de 14 anos en diante residente na comunidade galega. Establécense dúas categorías:

- 1) Respecters: 14 a 17 anos
- 2) Fighters: 18 en diante.

3.2- É posible participar de forma individual ou en grupo.



XUNTA
DE GALICIA



cooperación galega



cibeRespect
cultivando un paisaje digital de respeto

3.3- As persoas menores de 18 anos cuxa imaxe apareza nos vídeos presentados a concurso deben cubrir e axuntar a declaración de cesión de dereitos de imaxe, asinada pola nai/pai/titor/a legal (Anexo I).

3.4- Cada persoa e/ou grupo pode participar presentando un ou máis vídeos.

3.5- O contido do vídeo debe estar enfocado á loita contra os rumores, os prexuízos e o discurso do odio, por exemplo:

-Ideas para loitar contra os comentarios de racismo e a xenofobia en internet e as redes sociais.

-Contido que favoreza a superación dos rumores, os bulos e as informacións falsas sobre as persoas migrantes e refuxiadas

-Contido a favor do diálogo e o encontro entre as culturas.

-Contido a favor da diversidade e os Dereitos Humanos.

3.6- Os vídeos poderán conter texto e/ou son, tanto en castelán coma en galego. O emprego doutras línguas será aceptado se forma parte da lóxica do guión.

3.7- O ton será libre: humor, crítica, sátira, drama...

3.8- A técnica e xénero do vídeo serán libres: animación, stop motion, documental, experimento social, ficción, representación teatral, spot, musical...

3.9- A duración do vídeo será de 30 segundos como mínimo e 120 segundos como máximo.

3.10- A obra presentarase en formato dixital e poderá gravarse con calquer tipo de dispositivo (videocámara, smartphone, tablet, etc). A imaxe deberá ser tomada en horizontal e na máxima resolución posible.

3.11- Os vídeos deberán ser orixinais e non poderán ter sido premiados con anterioridade en outros concursos. Non se admitirán vídeos con contidos publicitarios ou que vulneren os dereitos de Copyright e propiedade intelectual, salvo que teñan autorización. Os vídeos deberán respectar os Dereitos Humanos. A organización resérvase a potestade de decidir se as propostas presentadas se axustan ás temáticas establecidas e, en caso contrario, non admitilas á fase de concurso.



XUNTA
DE GALICIA



cooperación galega



cibeRespect
cultivando un paisaje digital de respeto

CUARTA. ENVÍO DOS VÍDEOS

4.1- Os vídeos deben presentarse únicamente en formato dixital, remitidos ao correo electrónico comunicacion@ecosdosur.org co asunto 'PARA O I CONCURSO DE VÍDEOS CIBERESPECT'. Poderán empregarse servidores tipo wettransfer para transferir os vídeos participantes.

4.2- O nome do arquivo de vídeo deberá ser o título do vídeo+o nome da categoría á que se presenta (Respecters ou Fighters)

Ademais, no mesmo envío incluírase un documento pdf co mesmo título, dentro do cal figurarán os datos da(s) persoa(s) autoras do vídeo: nome e apelidos, data de nacemento, DNI, enderezo, correo electrónico e teléfono.

No caso de vídeos nos que aparezan imaxes de menores de idade, axuntarase tamén o anexo I cuberto e escaneado ou fotografado. O nome deste arquivo deberá ser o título do vídeo+autorización.

4.3 A data límite de recepción dos vídeos son as **14.00 horas do xoves, 14 de novembro de 2019.**

QUINTA. SELECCIÓN DE GANADORES/AS

5.1- A organización designará un xurado que estará composto por persoas de traxectoria recoñecida na loita polos Dereitos Humanos, no ámbito audiovisual e na contorna educativa de Galicia. A composición do xurado farase pública no momento do fallo. A súa decisión será inapelable.

5.2-Un comité de selección formado por membros da entidade convocante preseleccionará nunha primeira volta os vídeos que cumpren cos criterios requiridos. Estes serán os que pasen á fase de concurso. Nunha segunda volta, o comité seleccionará 5 vídeos finalistas para cada unha das dúas categorías. En terceira volta, o xurado elixirá un vídeo premiado por cada categoría.

Criterios de valoración:

- Pertinencia do vídeo en relación co contido do concurso.
- Calidade, orixinalidade, inxenio e creatividade da idea e a súa aportación á loita contra o discurso de odio e a desinformación.
- Difusión de valores relacionados cos Dereitos Humanos de forma innovadora e positiva.



**XUNTA
DE GALICIA**



cooperación **galega**



cibeRespect
cultivando un paisaxe digital de respecto

- Potencial de viralidade nas redes sociais.
- A calidade técnica terase na conta, máis non será prioritaria.

SEXTA. PREMIOS

Categoría Respecters (de 14 a 17 anos)

Premio: cheque regalo por valor de 500 euros + material audiovisual.

Categoría Fighters (18+)

Premio: 1.000 euros en metálico + material audiovisual.

Premio especial do público.

Todas as obras que pasen á fase de concurso serán proxectadas no Festival de videoclips FestiRespect, durante o que se fará entrega dos premios. O vídeo que acade máis votos entre as persoas asistentes ao evento será recoñecido co Premio Especial do Público, e recibirá 250 euros en metálico.

Os gañadores e os catro finalistas de cada categoría recibirán un diploma acreditativo e unha praza gratuíta no Obradoiro de Activismo Gráfico e Audiovisual a celebrar na Coruña en 2020, desprazamentos incluídos.

O premio pode quedar deserto se a participación non acada a cantidade e/ou calidade esperada.

SÉTIMA. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL.

As persoas participantes autorizan aos organizadores a reproducir e comunicar os vídeos presentados a concurso. Empregaranse sempre nos canais propios da entidade, mencionando a autoría, e únicamente con fins de comunicación e sensibilización e sen uso comercial.

OITAVA. FALLO E ENTREGA DE PREMIOS.

O fallo do xurado darase a coñecer a finais de novembro de 2019 na páxina web www.ciberrespect.com. As persoas participantes recibirán un mail informativo e as ganadoras serán notificadas persoalmente. O fallo é inapelable.



**XUNTA
DE GALICIA**



cooperación**galega**



cibeRespect
cultivando un paisaxe digital de respeto

A entrega de premios terá lugar a finais de novembro de 2019, no marco do Festival de videoclips FestiRespect, no que se proxectarán as obras admitidas na fase de concurso e se celebrará a votación para o Premio do Público. Terá lugar na provincia da Coruña.

NOVENA. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste Concurso supón a aceptación destas Bases e dos dereitos e obrigas que delas se derivan.

DÉCIMA. CONSULTAS.

As consultas e dúbidas con relación ao concurso poden dirixirse ao enderezo electrónico comunicacion@ecosdosur.org



ANEXO I

DECLARACIÓN DE CESIÓN DE DEREITOS SOBRE A IMAXE DE MENORES

Eu,....., con DNI
 en calidade de..... do/a menor
, nacido/a o.....,
 autorizo a aparición de imaxes do/a citado/a menor no vídeo de título
, que participa no I CERTAME DE VÍDEOS DE CURTA
 DURACIÓN CIBERESPECT, RESPECTO EN REDE, organizado pola ONG ECOS DO SUR. O
 vídeo presentado a concurso será proxectado no FESTIVAL DE VÍDEO 'FESTIRESPECT' en
 novembro de 2019. Ademais, a organización poderá reproducir e comunicar os vídeos
 presentados a concurso nos canais propios da entidade, mencionando a autoría, e
 únicamente con fins de comunicación e sensibilización e sen uso comercial, sen que sexa
 necesaria unha posterior autorización.

E para que conste o firmo ena...../...../.....

D. / Dña:.....

DNI:.....

PROTECCIÓN DE DATOS:

Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas. **Responsable do tratamento:** ASOCIACIÓN ECOS DO SUR CIF G15354483 Avda. Finisterre 109 Baixo- 15010 A Coruña. **Finalidade:** Promocionar e divulgar as actividades que organiza a asociación. **Lexitimación:** Consentimento expreso. **Destinatarios:** Poderanse publicar as imaxes na páxina web da asociación, blogue, redes sociais, prensa e outros medios de comunicación social, co fin de promocionar e dar a coñecer as actividades e eventos que se organicen. **Dereitos:** Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e demais dereitos, tal e como se explica na información adicional. No caso de que non se respectaron os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose á Axencia Española de Protección de Datos. www.agpd.es. **Información adicional:** Poderá solicitar información detallada sobre Protección de Datos no correo electrónico direccion@ecosdosur.org